

ANUNCIO

Mediante anuncio do 29-01-2026 fixéronse públicos os resultados da valoración por parte do tribunal do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, de dúas vacantes de administrativo/a correspondente as OEP do Concello de Fene dos anos 2021 e 2022 da terceira proba da oposición.

Logo de que non se presentaran alegacións no prazo concedido, faise pública a elevación a definitiva da seguinte Proposta do tribunal:

1.- Persoas aprobadas:

a) Quenda libre

Aprobado:

	GALEGO	PROBA 2	PROBA 3	TOTAL
Javier Albes Testa	Exento	11.33	7.30	18.63

b) Quenda discapacidade: deserto

2.- Listaxe de aspirantes para a formación da bolsa de emprego prevista na cláusula 10 das bases do proceso:

Número de orde	Nome e apelidos	Puntuación
1	Andrea García Fraga	10.395
2	Sergio Quintía Manteiga	10.235
3	Paula López Álvarez	9.02
4	Alberto Ruiz Valencia	8.841
5	María José Coira López	8.35
6	Pilar Martínez Martínez	7.85
7	Antonio Pena Rodríguez	6.575
8	Victoria Eugenia Saavedra Otero	5.875
9	Rebeca Cabaleiro Barrio	5.725

No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se publique este anuncio, a persoa aspirante proposta para a súa selección e nomeamento deberá presentar no Rexistro Xeral do concello ou na forma establecida no artigo 16 da LPACAP, os seguintes documentos acreditativos dos requisitos esixidos na convocatoria:

a) Declaración responsable de non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivese sido separada ou inhabilitada.

b) Certificado médico oficial asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que se posúe a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e tarefas da praza á que se accede.

c) Declaración responsable de non acharse incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Número de afiliación á Seguridade Social.

e) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

Se no prazo e forma antes indicados (agás nos casos de forza maior debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía) a persoa

proposta para a súa selección e nomeamento non presentase a documentación requirida ou da mesma se deducise que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e entenderase que renuncia ou desiste dos seus dereitos inherentes; sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puidese incorrer por falsidade.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas